

BANDO

Axudas para o aluguer do Programa contra o impacto social e económico da COVID-19 (PROC VI432E)

Modalidades:

Este programa ten por obxecto a concesión de **axudas ao alugueiro**, mediante a adxudicación directa ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como **consecuencia do impacto económico e social do COVID-19**, teñan problemas transitorios para atender o pagamento parcial ou total do alugueiro. Inclúe no seu obxecto a concesión de axudas para facer fronte á devolución das axudas transitorias de financiamento recollidas no artigo 9 do RDL 11/2020 de medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 e a cuxa devolución non puidesen facer fronte

Requisitos:

- A persoa beneficiaria deberá posuír a nacionalidade española ou se é estranxeira a residencia legal.
- Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994
- Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente, así como da súa unidade de familiar
- Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da UC se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da UC non estean incursas nalgunha das circunstancias que lle impida recibir subvencións
- Non ser propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España ningunha das persoas da UC
- Estar en algún dos supostos de vulnerabilidade económica como consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19:

Que a persoa que estea obrigada a pagar a renda de alugueiro pase a estar en situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE) ou reducise a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos, e non alcanzar por iso o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar, desde a declaración do estado de alarma e ata un mes despois da súa finalización o límite de 3 veces o IPREM, incrementado segundo as circunstancias e composición familiar.

Que a renda, máis os gastos e subministracións básicas, do mes anterior á solicitude da axuda resulten superiores ou iguais ao 35 % dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar

Contía das axudas:

A contía desta axuda será de ata 500 euros mensuais, sen que en ningún caso poida exceder o importe da renda do contrato, polo prazo en que se acredite estar en situación de vulnerabilidade como consecuencia do COVID-19 e durante un máximo de 6 meses, e poderá ter efectos retroactivos nos termos sinalados na correspondente convocatoria

Solicitudes e Documentación:

As solicitudes e documentación complementaria presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado dispoñible na ligazón: (<https://sede.xunta.gal>).

Prazo de Solicitude: **estará aberto ata o 30 de setembro**

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello mediante o teléfono 986564409 ou o email ssociais@pontecesures.org.

Non se atende sen cita previa por mor da actual situación sanitaria pola COVID-19.

Pontecesures, 22 de maio de 2020
O ALCALDE, Juan Manuel Vidal Seage

